

Xenaro e o misterio da mochila verde



Título: Xenaro e o misterio da mochila verde
Autora: Mar Guerra
Ilustrador: Francisco Llorente
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 168 / 2ª edición
ISBN: 978-84-9782-895-6
Idade: De 11 anos en diante
PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL 2008

XERAIS



a autora

Mar Guerra (Madrid, 1963)

Vive na Coruña desde 1987.

Xornalista de profesión, traballou para diferentes medios de comunicación, tanto en xornais como en axencias, e na radio. Na actualidade desenvolve a carreira profesional en Masstres Comunicación, un gabinete montado xunto con outras dúas socias na Coruña.

Esta é a súa primeira novela.

Anteriormente acadara o terceiro premio no II Concurso de Relatos da Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo, en marzo de 2008, co texto *Pel de pataca*.

o ilustrador

Fernando Llorente (As Palmas de Gran Canaria, 1954)

Vive desde hai case vinte anos na Coruña.

A partir da década dos oitenta comezou a traballar para revistas como *El Europeo* ou *Vogue*. Realiza traballos para diversas publicacións da Comunidade de Madrid e para a *Revista de Occidente*.

Actualmente dedícase á ilustración editorial desde o Estudio Baobab, na Coruña. Máis información na páxina www.fernandollorete.com e no blogue <http://fernandollorete.blogspot.com>.

o libro

A Xenaro Conese Maiúsculo, o rapaz de once anos que protagoniza esta historia, o que lle entusiasma é xogar coas palabras e ler; aínda que tamén lle gustan dabondo os xogos do computador, o xadrez, os cómics, os documentais ou a música. E aínda lle queda tempo para os seus amigos e exercer de detective resolvendo os misterios que se producen no seu colexio e arredores.

Talvez dentro da mochila verde non haxa nada máis que necesidade de aceptación e falta de autoestima; algo que pesa sobre as costas coma unha mochila...

A novela foi definida polo xurado como «un thriller psicolóxico» que desenvolve unha historia cotiá de rapaces e rapazas nun centro escolar. Unha obra que, xirando arredor da amizade e as súas tipoloxías, e xogando coa linguaxe e o humor, propón unha viaxe ao mundo dos nenos e nenas de hoxe.

A autora, nunha entrevista, comentou que a novela ten as súas doses de misterio e intriga, pero tamén de tenrura.

Xenaro e o misterio da mochila verde acadou o Premio Merlín no ano 2008.

temas e valores



A amizade

Efe é o mellor amigo e Uve a mellor amiga para Xenaro; ambos diferentes entre si, pero coinciden no básico: no afecto, nos intereses, na bondade... As pandas entendidas dunha e outra maneira, aquelas nas que o cemento que os une é a amizade e aqueloutras nas que están xuntos por intereses menos lexítimos, como os «Garapiñadas».




Familias diferentes

Situación económica, social, cultural, étnica... Paios e xitanos; ricos e pobres; de poucos ou moitos membros... comparten espazos: escolas, parques... cada un co seu lastre ou tesouro ao lombo, cada un co seu deber e o seu haber; por iso é necesario estar atentos/as para que a inxustiza non vaia en aumento.




Autoestima

Coñecerse e querer-se, aceptarse tal como se é. A realidade ten moito de espello no que mirarse e a autoestima depende da imaxe que se emite e se recibe. A aceptación e o afecto poden ser a mellor medicina.




Os xogos coas palabras

A riqueza léxica. O texto é un xogo continuo de sinónimos e relacións entre as palabras, de frases feitas e outros recursos que nos mostran a faceta lúdica da lingua.



A literatura dentro do libro

As múltiples citas e referencias a obras clásicas que achegan un elemento culturalista sen que resulte pedante. O sentido común da nai aliñado coa valoración da literatura e a consideración dos libros como contedores do coñecemento máis básico engádenlle unha mirada máis profunda ao texto.



Misterio


Ante os misterios, a rapazada opta por tentar desentrañalos, converténdose en pequenos detectives.

temas e valores



O respecto polos demais

Por todos, por moi diferentes que sexan.



Prexuízos e estereotipos

Grandes obstáculos para o entendemento: prexulgar antes de coñecer, facerse unha idea dos demais antes de ter os datos suficientes deixándose levar por ideas prefixadas; desta maneira xulgamos máis duramente que nos xulgados onde «ninguén é culpable ata que se demonstra o contrario».

actividades

A proposta de actividades que segue, xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Deben tomarse de xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprender mellor a obra, darlle voltas, repensala...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis adecuadas para o seu alumnado ou a dinámica do grupo (tendo en conta os intereses que o guían); ou creará as súas propias actividades baseándose nas que a seguir se desexan.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade arredor desta lectura debe ser, unicamente, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal que é ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man, anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos e experiencias vividas en relación a esta temática. Falamos doutros libros que tamén a teñan tratado.
- Identificamos a autora e comentamos o que saibamos acerca dela; podemos documentarnos coa lectura do apartado no que aparecen os seus datos.
- Buscamos información sobre o ilustrador.
- Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar a biobibliografía de cada un dos creadores que aparecen no libro.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos a dedicatoria, esa maneira de enlazar palabras con «m» de «mulheres», «min», «comigo»... e, unha vez lida a novela, pensamos a quen lla dedicaríamos nós e con que palabras e xogos.
- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Terá que ter relación co libro.
- Documentámonos acerca doutros libros que recibiron o premio Merlín e comentamos aqueles que xa limos.
- Cunha mirada rápida, situaremos o texto dentro dun xénero literario.

actividades

Ao longo da lectura

- Observamos as ilustracións e imaxinamos unha historia baseándonos nelas.
- Identificamos quen nos conta a historia.
- Conforme van aparecendo, describimos cada un dos personaxes, observando a personalidade que o caracteriza e os trazos que o fan propio e definirán o seu carácter.
- Xenaro descríbese nas primeiras páxinas dicíndonos o que lle gusta, o que non, e o que quere ser de maior. Podemos facer o mesmo cada un de nós presentándonos.
- Xogamos co noso nome, igual que fai Xenaro na páxina 7.
- Probamos a ver quen é capaz de atopar máis nomes que comecen coa inicial do seu nome.
- Inventamos nomes e apelidos tan divertidos como Xenaro Conese Maiúsculo
- Buscamos os datos e contestamos ás seguintes preguntas:
 - Por que di Xenaro que é o garavanzo negro da familia?
 - Que é unha traxedia? E un drama?
 - Que é un refraneiro?
 - Que son termos *equisignificativos*?
 - Que é a árbore xenealóxica? Facemos a nosa.
 - Quen é Sancho Panza? E Alí Babá?
 - Que é a cartomancia?
 - A quen lle chaman as barbis e por que? Quen son os Garapiñadas? Por que lles chaman así?
 - A que vos soa a galiña Turuleta?
 - Que lingua falan os xitanos? Por que se di que paíes e xitanos son de diferentes etnias?
 - Cal é o continente negro?
 - Cando tivo lugar a II Guerra Mundial?
 - Que sabemos de Educación para a Cidadanía?
 - Quen era Ricardo Corazón de León?
 - Que significa «dixomedíxomes»? Coñeces algún sinónimo?
 - Que é ruar?
 - A que se refiren cando din «xente sen recursos»?
 - Que estudan os antropólogos?
 - En que consiste o Debate do Estado da Nación?
 - Cal é o contido da mochila verde?

actividades

- Con que episodio da novela relacionarías o dito «Cóllese primeiro a un mentireiro que a un coxo»?
- Entre todos elaboramos un listado de nomes de mascotas.
- Documentámonos sobre Shakespeare. Comentamos se vimos algunha película sobre a súa vida ou baseada nalgunha das súas obras.
- Cando comezamos cada capítulo, o título axudaranos a anticipar de que trata. Cando o rematemos de ler, estaremos en disposición de cambiar ese título por outro que nos resulte máis adecuado. Á autora seguro que non lle importa.
- Podemos resumir cada capítulo contándonolo os uns aos outros.
- Xoguemos coa linguaxe como fai Xenaro. Continuemos: «Nin arre nin xo, nin boi nin vaca...».
- Que alguén resuma para os demais o argumento da película *A bela e a besta*.
- No libro aparecen referencias moi actuais, como a dos cantantes Bisbal e Shakira. Atopastes algunha máis?
- Busquemos equivalentes a «Son uña e carne»; «Porta con porta»; «Cantarlles as corenta»; «Meter baza»; «Son unha piña»; «Andaba á súa bola»; «En punto morto»; «*In fraganti*»; «Polo si ou polo non»; «*Ipsa facto*»; «De xa para xa»; «Ler a cartilla»; «Poñer a caldo», etc.
- Xenaro é un obsesivo dos sinónimos. Observa e tenta engadir algún outro:
 - Labia, verborrea, locuacidade, laretar...
 - Roubárono, secuestrárono, raptárono...
 - Recíproca, mutua...
 - Parado, paralizado...
 - Prosaica, realista, práctica...
 - Claro, preciso, contundente...
 - Extasiado, alucinado, apampado...
 - Bulebule, furacán, tornado...
 - Asustado, aterrado, apoucado...
 - Antipatía, animadversión, rexeitamento...
 - Roubo, substración, furto...
- No décimo capítulo explícase como deben falar en público os políticos. Repásao e opina.
- Observemos quen forma parte da panda do neno Antonio, como é cada un deles, a razón pola que se fai amigo del, os problemas que ten cada un deles, a maneira na que se comportan cando están en cuadrilla, que relación se establece entre eles... e saquemos conclusións. Relacionemos isto con algo que coñe-

actividades

zamos, con algunha experiencia pola que teñamos pasado, con algún outro libro, etc.

- Falemos dos alcumes, de se nos molestan ou non, dos que usamos entre nós e dos que aparecen no texto.
- Un dos personaxes, Efe, é quen de facer esquemas conceptuais ou cadros sinópticos de calquera problema. Probade a facer o mesmo con algún que vos preocupe.
- No libro aparecen varias referencias literarias como *A illa do tesouro*, *Miguel Strogoff*, *Ivanhoe*, *Sandokan*... Falade o que saibades deles ou buscade información. Aínda que o mellor será que vos fagades cos seus libros para próximas lecturas.
- Tamén aparecen citadas algunhas obras de Julio Verne... Cales son?
- A nai de Xenaro adoita dicir frases que dan que falar. Expliquemos a seguinte: «É preferible ser a ter», e comparémola con esta outra: «Tanto tes, tanto vales». Fagámolo agora con «A realidade supera a ficción».
- Expliquemos a cita de Hamlet: «Sé fiel a ti mesmo e a iso seguirá, como a noite ao día, que non poderás ser entón falso para ninguén». Informémonos sobre esa obra.
- Lembremos algunha outra cita que nos guste.
- A nai de Xenaro está desexando que medre para poder prestarlle os seus libros e comentalos con el. Nótase que lle gusta ler e goza falando de libros. Pensade nas persoas que coñecedes que se semellen a ela.
- Busquemos a explicación que esta muller lle dá a Xenaro acerca do que son os prexuízos e os estereotipos.
- Recollemos algunha expresión que che resulte difícil de entender.
- Probamos a ler un fragmento do libro de forma que cada un de nós represente un personaxe.
- Continúa este listado de parellas famosas: o punto e o i, o gordo e o fraco, o bo e o malo...
- Opinemos sobre a historia de Zaca e a súa familia, o difícil que é vida para algúns e o doada que é para outros. Comentemos o inxusto que isto pode resultar, sobre todo se temos en conta o que pensan os compañeiros acerca de Zaca.
- Expliquemos a seguinte frase e mostremos o noso acordo ou desacordo con ela: «Ás veces a mellor defensa é un bo ataque».
- Escribímoslle pés de foto ás ilustracións.
- Pensamos se este tipo de ilustracións nos lembra algunha outra.
- Poderíamos crear un abecedario:
 - Violeta / Uve
 - Xenaro / Xe
 - ...

actividades

- Expliquemos á nosa maneira as seguintes frases feitas: «Botar a lingua a pacer», «Caerlle o pelo», «Selar os beizos» e «Dar xaque mate».
- «Levantando a man como se fose un garda de tráfico ou un indio sioux». Seguro que podedes atopar algún outro significado para este xesto. Un grupo podería animarse a realizar un dicionario de xestos.
- Outra cita que dará moito que falar é que aparece na páxina 124. Explicámola en voz alta, entre todos e todas.
- Localicemos algunha palabra que pertenza ao léxico propio do golf.
- Expliquemos o comportamento de Antonio, a razón pola que colle as cousas que non lle pertencen, o tipo de obxectos que rouba, o sentido que isto lle ten...
- Todos coleccionamos algo, aquelas cousas que nos gustan, que nos lembran algunha viaxe ... Falemos das nosas coleccións. Describámolas.
- Nas últimas palabras de Antonio, parécenos recoñecer a lei da selva, pola que ninguén axuda a ninguén senón que todos competimos entre nós. Realicemos un debate sobre isto.
- Conversamos sobre as palabras de Xenaro: «Sei ler –dicíame a min mesmo cada mañá-. Non necesito a ninguén».
- A Uve interésalle moito África e recolle toda canta información atopa en relación a este continente. Poñamos en común o que sabemos nós ao respecto. Tamén podemos distribuírnos por grupos e encargarnos cada un dun continente para achegar os nosos coñecementos.
- Antonio, o Novo, consegue sacar o peor de cada un, dise no texto. Argumentamos a veracidade ou non desta afirmación.
- Ilustramos algún episodio; podería ser aquel que se relata na páxina 136/137.
- A novela remata en Nadal, unha época que a ninguén lle resulta indiferente. Tentemos describir as sensacións e lembranzas que acompañan esas datas.
- Observemos este parágrafo: «Pobre Neno Antonio (...). Toda a súa soberbia volveuse desamparo, toda a súa mala idea indefensión; ata a chulería que o caracterizaba lle marchara tamén polos buracos da bolsa verde». Pensemos en alguén ao que lle temamos e imaxinemos o débil que pode sentirse nalgún momento.
- Revisamos cal é a primeira palabra da novela e cal a última. Tentamos descubrir o significado que isto pode ter.

Despois da lectura

- Opinemos sobre o final desta historia. Paréceche triste, feliz, real? Seméllache bo ou mellorable?

actividades

- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos chamaron a atención, para poder compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Analicemos a situación económica tan diferente entre Zacarías e Antonio.
- Eliximos o personaxe co que máis nos identificamos e explicamos a razón.
- Contamos algunha anécdota, conto ou sucedido, que teña relación con algo que se relata no texto.
- Contamos esta historia ao noso xeito.
- Elaboramos unha liña argumental de maneira que poidamos explicar esta historia de forma esquemática.
- Inventámoslle outro título.
- Realizamos unha posta en común na que imos achegando a nosa opinión sobre o libro, o que nos pareceu mellor e peor...
- Se tivésemos que colocarlle unha banda musical a esta historia , cal podería ser?
- Continuamos o relato alí onde o deixou a autora.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro. Á súa vez, repasamos o texto buscando un fragmento que nos poida servir como cita.
- Realizamos un cómic co argumento da novela.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- Analizamos os problemas que xorden na historia e a maneira de resolvelos.
- Comentamos os valores que defende a autora neste texto.
- Escribimos a opinión que nos mereceu o libro ou realizamos unha posta en común na que imos achegando a valoración de cada un de nós. Intercambiamos as sensacións que nos espertou a lectura, e tamén as lembranzas que foron afloando ao longo da mesma.
- Semella que nalgúns casos deberiamos poñernos no sitio dos outros; desa maneira entenderiamos mellor o que pasa e poderiamos actuar dun xeito máis solidario. Opinemos!
- Sacamos algunha conclusión respecto da maneira na que podemos axudarnos uns e unhas aos outros e outras.
- Resumimos o argumento ou realizamos unha liña argumental.
- Intentamos sintetizar a idea principal do texto.
- Escribímoslle á autora comentándolle a obra.
- Tentamos representar esta historia, como se fose unha obra de teatro.
- Pensamos noutros textos que poderiamos relacionar con este, porque tamén están protagonizados por nenos, porque tratan temas semellantes, etc.



Pedidos a:

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 609-2009